

**PRIMEIRO EXERCICIO: TIPO TEST** (De carácter obrigatorio e eliminatorio)

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 24 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 60 minutos. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos e para aprobar será preciso acadar un mínimo de 5 puntos. Deberá de asinar tódalas follas do exame.

---

**1. Que tipo de documento é unha tese doutoral?**

- a. Publicación monográfica
- b. Informe institucional
- c. Literatura gris**
- d. Documento secundario

**2. De cantas salas consta a biblioteca de Vila de Cruces:**

- a. 1.
- b. 5.
- c. 3.**
- d. Ningunha.

**3. Do concepto de biblioteca dedúcense tres notas constitutivas fundamentais, que son:**

- a. Selección, organización e dispoñibilidade.
- b. Selección, colección e organización.
- c. Selección, colección e dispoñibilidade.
- d. Colección, organización e dispoñibilidade**

**4. Cal é a camisa dun libro?**

- a. A portada
- b. A cuberta
- c. A sobrecuberta**
- d. O forro que se lles pon a algúns

**5. A selección negativa é tamén coñecida como:**

- a. Extracción
- b. Expurgo**
- c. Eliminación
- d. Demanda

**6. O catálogo ordenado por sinaturas é o:**

- a. Catálogo cronolóxico
- b. Catálogo sistemático

- c. Catálogo diccionario
- d. Catálogo topográfico

**7. Que é a cuberta dun libro?**

- a. Forro de papel ou outra material que protexe ao libro e non está adherido a el
- b. Forro ou envoltura que cobre os pregos do libro xa impresos, ordenados e cosidos ou pegados e que adoita reproducir os datos de portada
- c. A portadilla
- d. Páxina ao comezo dunha obra ou de parte dela que leva o título completo e, case sempre, o nome do autor dos datos de publicación

**8. As funcións dos arquivos son:**

- a. Recoller, clasificar, conservar
- b. Recoller, restaurar, conservar
- c. Conservar, restaurar, difundir
- d. Recoller, conservar, servir

**9. Indica cal dos SIAB (sistema integral de automatización de bibliotecas) empregados en España é de código aberto:**

- a. ABSYS.
- b. UNICORN.
- c. KOHA.
- d. ALEPH.

**10. Cal destes fondos dunha biblioteca pública consideraríase excluído do expurgo?**

- a. Manuais
- b. Revistas
- c. Fondo de tema local
- d. Literatura infantil

**11. A biblioteca municipal de Vila de Cruces conta cun servizo de autopréstamo?**

- a. Sí.
- b. Sí, pero para determinados usuarios.
- c. Só temporalmente.
- d. Non.**

**12. Quén elixe ao Alcalde dun municipio de España?:**

- a. Sempre os veciños.
- b. Sempre os concelleiros.
- c. A Deputación Provincial.
- d. A veces os concelleiros e a veces os veciños, segundo establece a lexislación electoral xeral.**

**13. O Municipio é:**

- a. Unha administración pública de carácter institucional.
- b. Unha administración pública de carácter territorial.**
- c. Unha corporación de base persoal.
- d. Ningunha é correcta.

**14. O artigo 26 da lei 7/1985 do 2 de Abril reguladora das Bases de Réxime Local establece que os Municipios deberán prestar en todo caso os servizos seguintes:**

- a. En todos os Municipios: iluminación pública, cemiterio,, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas**
- b. Nos municipios con poboación superior a 10.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos
- c. Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios en instalacións deportivas de uso público
- d. Nos municipios con poboación igual ou menor a 50.000 habitantes, ademais: transporte colectivo urbano de viaxeiros, e medio ambiente urbano

**15. As retribucións básicas dos funcionarios:**

- a. Fíxanse na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.**
- b. Fíxanse na Lei de Orzamentos da respectiva Comunidade Autónoma.
- c. Fíxanse mediante Orde do Ministerio de Facenda.
- d. Fíxanse no Regulamento Orgánico de cada entidade.

**16. Cun carnet emitido pola biblioteca municipal de Vila de Cruces, poderíase optar a un préstamo nunha biblioteca do Concello de Madrid?.**

- a. Dependendo do xénero literario.

- b. Dependendo da editorial.
- c. Non.**
- d. Sí.

**17. Quen é organismo xestor da biblioteca municipal?.**

- a. A Deputación Provincial.
- b. Os veciños.
- c. O Concello.**
- d. A Consellería de Cultura.

**18. Un anuario:**

- a. Recolle datos numéricos cun fin determinado.
- b. Recolle acontecementos históricos ordeados cronolóxicamente.
- c. É unha publicación anual que recolle información relativa a certas cousas.**
- d. Todas as respostas son erróneas.

**19. Segundo regulou no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a condición de funcionario de carreira adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:**

- a. Superación do proceso selectivo ou a través dun proceso de libre designación.
- b. Nomeamento polo órgano ou autoridade competente, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia que corresponda previo acto de acatamento ao Estatuto de Autonomía correspondente.
- c. Toma de posesión dentro do prazo segundo o previsto nas fases da convocatoria e formalización do contrato en documento administrativo.
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.**

**20. Segundo regulou no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, son causas de perda da condición de funcionario de carreira:**

- a. Perda da nacionalidade acompañada da renuncia á condición de funcionario
- b. A xubilación total ou parcial de funcionario
- c. A sanción disciplinaria de separación do servizo que tiver carácter firme**
- d. A pena principal de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que tiver carácter firme

**21. A biblioteca que integra fondos tanto en soporte electrónico como tradicional, denomínase:**

- a. Biblioteca virtual.
- b. Biblioteca integrada.
- c. Biblioteca natural.
- d. Biblioteca híbrida.**

**22. A entrega por un tempo determinado en certas condicións de libros ou outros materiais a unha persoa, institución, ou outra biblioteca, é a definición de:**

- a. Reserva.
- b. Garantía.
- c. Préstamo.**
- d. Expurgo.

**23. O nome da biblioteca municipal do Concello de Vila de Cruces, é:**

- a. Xosé Casal.
- b. Paco Lareo.
- c. Castelao.
- d. Xosé Neira Vilas.**

**24. O acto polo que un libro incorpórase formalmente á colección da biblioteca é:**

- a. A selaxe
- b. O rexistro**
- c. Cómpraa
- d. O depósito legal

## RESERVAS

### R.1. Que é un incunable?

- a. Un libro impreso antes do 1 de xaneiro de 1501
- b. Un manuscrito conservado nun cartafol de tea
- c. Un libro impreso antes da chegada a España da imprenta
- d. Un libro impreso que non puido encadrarse polo seu gran tamaño

### R.2. Que orde de secuencia para os auxiliares detrás do número principal establece a CDU como regra fixa?:

- a. Principal, punto de vista, lugar, forma, idioma.
- b. Principal, lugar, tempo, forma, idioma, punto de vista.
- c. Principal, tempo, punto de vista, lugar, forma, idioma.
- d. A CDU non establece ningunha regra respecto diso

### R3. Que supón a acción de catalogar?

- a. Recoller información bibliográfica, de acordo a unhas normas
- b. Dar información sobre un exemplar físico do documento existente na biblioteca en relación a un fondo
- c. Dar información referida os encabezamientos principais e secundarios de autores, títulos e clasificacións
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

### R4. Que afirmación sobre a CDU é a correcta?

- a. Úsase para clasificar documentos moi xerais e específicos
- b. Non se usa para clasificar obras infantís
- c. Úsase para clasificar monografías
- d. Todas as afirmacións son correctas